

UNIDADE DIDÁCTICA

para alumnos e alumnas de Educación Secundaria
ao redor do espectáculo

HELENA: Xuízo a unha lurpia

Produción de Teatro do Atlántico dirixida
por Xúlio Lago a partires do texto orixinal de Miguel del Arco
en versión galega de Inma López Silva.

Parte primeira:

- **AREA DE ÉTICA, FILOSOFÍA E CIDADANÍA**

Guía elaborada por José Ramón Iglesias Mareque,
Profesor de Filosofía de Educación Secundaria.

Parte segunda:

- **ÁREA DE LITERATURA**

Guía elaborada por César Morán Fraga,
Catedrático de Lingua e Literatura Galega
de Educación Secundaria



www.teatrodoatlantico.com
info@teatrodoatlantico.com
tfno. 618256424 / 608380471

Contidos:

- Motivación
 - Actualidade do tema
 - A narración e a linguaxe escénica
 - O trato interdisciplinario
- Obxectivos xerais e temporalización das actividades
- Obxectivos específicos
- Actividades previas á representación
- Actividades posteriores á representación

1. MOTIVACIÓN

Esta unidade didáctica propón unhas tarefas prácticas e interdisciplinarias sobre a representación dramática “Helena: Xuízo a unha lurpia”, de Miguel del Arco. A obra está recomendada para alumnos e alumnas maiores de catorce anos.

Esta unidade didáctica está **motivada** polas seguintes cuestións:

1.1. A actualidade do tema, porque a **situación dramática** motiva cuestións con intereses didácticos. Helena de Troia, reivindica un xuízo do seu papel na historia, historia que case sempre a tratou como culpable, desde Homero ata a actualidade. Como di o autor: *“Unha das mulleres máis famosas e, posiblemente, unha das máis menosprezadas que reclama o dereito a escoller as palabras que conforman a súa historia”*. Esta revisión suscita dilemas e conflitos morais que serven para que os alumnos e alumnas reflexionen sobre a perenne actualidade do tema do papel reivindicativo da muller e para motivar que tomen partido. Deste xeito o alumnado pode ser, ao mesmo tempo, xuíz, avogado e testemuña.

Sinopse: Nese espazo no que a nosa memoria a converte en INMORTAL, atopámonos con Helena de Troia, “a bela Helena”, a filla de Zeus e Leda, a esposa de Menelao, a amante de Paris. Estamos no século XXI. Helena xa non é “a bela Helena”, senón unha muller con certos signos que nos falan do implacable paso do tempo; malia iso mantense posuidora dunha enerxía desbordante, habitando nunha especie de tobogán emocional transitado polos intensos episodios da súa travesía vital, na que se mesturan a dor da nena violada por Teseo coa dor da esposa obrigada por Menelao; a paixón da amante namorada do fermoso Paris, co desafío e o rancor para con Zeus, o seu divino pai; a ironía ao redor de moitos dos seus contemporáneos – Aquiles, Ulises--, coa impotencia diante da crueldade da guerra.....

1.2. A narración e a linguaxe escénica, pois a orde do tempo narrativo expresa os avatares da vida da protagonista e as razóns da súa reivindicación. Os rapaces e as rapazas teñen que descodificar un código moi identificable cunha óptica actual: unha heroína controvertida que se atreve a loitar contra todo o peso do seu pasado, contra todo o peso da historia. As escenas transmiten a posibilidade de diversas ópticas e pareceres do que está ditado na memoria colectiva de antemán. Os rapaces e as rapazas non teñen mais remedio que revisar a mirada que teñen dos personaxes citados no drama e forxar unha opinión propia, tomando partido e participando no debate e a reflexión. Asemade, perseguimos que os mozos e as mozas se eduquen como espectadores de teatro comparando esta experiencia con outras situacións e narracións (lectura, cine, ...) para enriquecer criticamente os problemas e dilemas da vida cotiá.

1.3. O trato interdisciplinario, porque esta unidade pode ser tratada desde distintas materias (Sociais e Historia, Latín e Grego, Ética, Cidadanía e Filosofía, e Lingua e Literatura Galega e Castelá...) cunha visión enriquecedora e complementaria a través das distintas posibles lecturas.

2. OBXECTIVOS XERAIS E TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Esta unidade didáctica esta pensada para que os/as ensinantes a adecúen aos mozos e as mozas segundo a súa idade e formación previa. Suxerimos estes **obxectivos xerais** e esta **temporalización**:

2.1. OBXECTIVOS XERAIS:

- Facer dunha representación teatral un recurso educativo.
- Aproveitar a interpretación do drama para madurar e mellorar a produción comunicativa e a capacidade de observación e análise da realidade cotiá.
- Aproveitar o debate e a reflexión que suscita a propia representación do drama e as actividades propostas para que o alumnado poida desenvolver unha mellor actitude crítica e reflexiva e aplicala a súa propia experiencia vital.

2.2. TEMPORALIZACIÓN:

- **Actividades previas á representación:** presentamos o tema e unha batería de cuestións e actividades motivadoras que permitan unha mellor interpretación da obra. **Consideramos advertir que é importantísimo desvelar o menos posible a trama e o desenlace.**
- **Representación dramática**
- **Actividades posteriores a representación:** batería de cuestións e actividades de crítica e debate e avaliación dos obxectivos propostos.



ÁREA DE ÉTICA, FILOSOFÍA E CIDADANÍA

elaborada por José Ramón Iglesias Mareque

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Acadar que os alumnos e alumnas sitúen o feito moral no marco da perenne reivindicación de Helena sobre o seu papel na historia desde o contexto da moral agonal homérica ata a proxección desta moral na actualidade.

- Facer que o alumnado reflexione sobre a actualidade do tema do papel reivindicativo da muller a partir da revisión que fai Helena.

- Provocar que os alumnos e alumnas tomen partido e comprendan algúns dos conceptos e conflitos éticos contidos no drama.

- Conseguir que o alumnado entenda e relacione estes conceptos: norma e lei agonal, culpabilidade e inocencia, honra e deshonra, empatía e afecto: amizade, confianza e sospeita, responsabilidade e elección, verdade e suposición (malentendido), prexuízo e autenticidade, dilema: amor ou renuncia,

- Analizar o papel que xogan como modelos de conduta: mitificando e mistificando os personaxes, humanos e divinos, máis famosos da tradición homérica, da traxedia clásica, dos textos sagrados, das fontes literarias, e, na actualidade, dos medios de comunicación de masas.

- Observar e analizar o comportamento moral dos personaxes

2. ACTIVIDADES PREVIAS A REPRESENTACIÓN (para poder interpretar a representación)

Recordamos que debemos pedir un nivel de exixencia e profundidade en consonancia coa madureza, idade e formación previa dos alumnos e alumnas, asemade lembramos que é moi importante non desvelar a trama e o seu desenlace e por iso non utilizamos ningún texto da obra.

2.1.Situar histórica e xeograficamente o relato homérico. Resposta a estas cuestións:

(tarefa individual)

- Onde está Troia? Fai un mapa do mediterráneo oriental e sitúa as principais cidades, aqueas e troianas, dos reinos e aliados que están en conflito.

- En que datas sitúas o relato da Ilíada e da Odisea?
- 2.2. Fai un pequeno resumo do argumento dos relatos homéricos e unha pequena descrición destes personaxes: (tarefa individual)
 - Helena, Paris, Priamo, Andrómaca, Hector, Agamenón, Menelao, Teseo, Aquiles, Briseis, Ulises, Penélope, Telémaco, Patroclo, e Ajax. Indica a cal destes personaxes consideras heroes ou heroínas.
 - 2.3. Sabes que significado ten “a mazá da discordia” no relato homérico. (Tarefa individual)
 - 2.4. Define estes conceptos: (grupos de catro alumnos/as)

Norma, lei, aristocracia, complexo de culpabilidade, inocencia, amizade, empatía, confianza, responsabilidade, prexuízo, dilema, vinganza, namoramento.
 - 2.5. Sinala as características fundamentais da “**moral agonal**” e comenta esta cita que Homero pon na boca de Glauco na Ilíada: (tarefa individual)

“Ínstame moitas veces ser o primeiro e destacarme entre os outros e a non deshorrar a liñaxe dos meus pais que foron os primeiros en Feira e na vasta Licia.”
 - 2.6. Reflexiona e debate estas cuestións en grupos de catro ou cinco alumnos/as

Os heroes e as súas accións son sempre claramente boas ou malas?

Tomas partido por algún dos heroes ou das heroínas homéricos incondicionalmente ou non tes un criterio claro do asunto? Motiva a túa resposta

As circunstancias e acontecementos vitais de Helena reproducense unha e outra vez noutros escenarios históricos? E na actualidade? Son perennes?

3. ACTIVIDADES POSTERIORES A REPRESENTACIÓN

- 3.1. Os alumnos e alumnas deben investigar se debemos interpretar o relato mítico homérico, sobre todo a partir dos descubrimentos das ruínas da cidade de Troia polo arqueólogo alemán Schliemann a mediados del S.XIX, desde unha visión histórica, social e económica na que latexa unha loita entre aqueos e troianos polo control político e económico das costas occidentais da actual Turquía e do tráfico de mercadorías cara o mar Negro

3.2. Os alumnos e alumnas deberán caracterizar a personaxe de Helena (tarefa individual)

3.3. Os alumnos e as alumnas deben describir de novo estes personaxes e advertir se cambiou a súa opinión sobre eles: (tarefa individual)

Helena, Paris, Priamo, Andrómaca, Hector, Agamenón, Menelao, Teseo, Aquiles, Briseis, Ulises, Penélope, Telémaco, Patroclo, e Ajax. Indica a cales destes personaxes segues considerando heroes ou heroínas.

3.4. Os alumnos deben identificar os personaxes citados por Helena con estes conceptos indicando as razóns: (tarefa individual)

- Autoridade
- Aristocracia
- Honra
- Deshonra
- Fama (ser o primeiro)
- Amizade
- Frustración
- Complexo de culpabilidade
- Agresividade
- Homosexualidade
- Responsabilidade
- Irresponsabilidade
- Confianza
- Desconfianza
- Dilema
- Verdade
- Suposición
- Prexuízo
- Violencia
- Medo
- Modelo (conduta)
- Mitificación
- Desmitificación
- Mistificación

3.5. Cantas Helenas hai na tradición literaria ata os nosos días?. Boa ou mala, culpable ou inocente, decidida ou arrepentida, condenada ou perdoada ...

Xa Homero predixera a súa pervivencia cando na *Ilíada* VI Helena lle di a Hector:

«o meu destino é tornarse en materia de canto para homes futuros»

Se vos interesa, buscade información. Posibilidades:

Ademais do “círculo Troiano”, sobre todo *Ilíada* e *Odissea*, temos noticias con valoracións positivas ou negativas de Helena nestes autores gregos: Hesíodo, Estesícoro, Herodoto, Isócrates, Eurípides (*Orestes*, *Heléne* e *Hécabe*).

Autores latinos: *Eneida* de Virgilio, nas *Heroidas* e *Metamorfosis* de Ovidio e na obra de Quinto de Esmirna, poeta grego do século III d.c.

Na idade media temos reminiscencias en *Carmina Burana*, e na actualidade en *Cassandra*, de Chista Wolf ou en *Helena, Helena, amor meu*, de Luciano de Crescenzo

3.6. Despois de analizar, comparar e debater as diverxencias da actividade anterior (grupos de cinco alumnos/as) contestade a estas cuestións:

- Por que non é sempre fácil acadar a mesma opinión entre vós? Cambiou a vosa mirada sobre algún dos personaxes homéricos?
- É usual ter unha opinión forxada sobre un persoeiro, sobre un amigo, un familiar e mudala co tempo? Cales poden ser as causas destes cambios?
- Como interpretades que “os divinos habitantes do olimpo” se divirtan participando e tomando partido na guerra dos homes?
- Como xulgas que Helena abandone ao seu home e aos seus fillos?
- Pensas que sería distinto se Helena non fose unha raíña?
- Quen escribe a historia? Pensas que a memoria histórica se inclina e interpreta con trazos machistas? Teñen distinta valoración as accións e decisións dos heroes e homes que as accións e decisións das heroínas e mulleres?
- Cres que Helena, a personaxe do drama que acabas de ver, ten remordementos? Cres que se sente culpable? Cres que está arrepentida?
- Xustificas a súa decisión se foi por amor?
- Por que e que quere dicir que desexa ser esquecida?
- Podedes ter conclusións definitivas en col da pretensión revisionista de Helena? Tedes un veredicto definitivo sobre ela?
- Sabedes que ao longo da historia hai moitas Helenas. Se queredes afondar sobre isto recoméndase “Helena de Troia: unha heroína controvertida” de Pilar Saquero Suárez-Somonte.
- Este drama é válido para interpretar e comprender o comportamento e os conflitos de intereses na moral actual? Por que?

***Recóllense conclusións**

3.7. Debate en gran grupo moderado polo docente sobre as conclusións acadadas na actividade anterior

ÁREA DE LINGUA E LITERATURA (Guía literaria)

elaborada por César Morán Fraga

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Conseguir que os alumnos comprendan o que é versionar un tema mítico xa coñecido.
- Facer que o alumnado recoñeza o teatro como crítica da realidade, baseado máis nas preguntas que nas respostas.
- Reflexionar sobre o tempo e a súa ruptura na ficción: atemporalidade e visión actual dun tema clásico.
- Valorar o teatro e a literatura actual (e nomeadamente a galega) como fluencia "intertextual" que se asenta no mito clásico.
- Ollar con sentido crítico o papel da muller na historia da literatura, e facer que os alumnos comprendan o monólogo crítico de Helena.
- Analizar a linguaxe da obra e valorar os principais recursos estéticos.

2. ACTIVIDADES PREVIAS Á REPRESENTACIÓN.

- 2.1. Coñecer en liñas xerais a personaxe de **Helena de Troia** tal como nos chegou ao longo do tempo, con referencia principal á *Ilíada* de Homero. Recoñecer o seu valor como símbolo da *beleza*.
- 2.2. Adquirir un coñecemento mínimo dos principais personaxes míticos que aparecen no texto de Miguel del Arco: Helena, Paris, Menelao..., Príamo, Andrómaca, Héctor, Agamenón, Teseo, Aquiles..., Ulises, Penélope, Telémaco, Patroclo...
- 2.3. Procurar exemplos, nas literaturas galega e universal, de **creación innovadora sobre un tema clásico** xa coñecido polo espectador. Valorar neste sentido os procedementos de Cunqueiro ou de Shakespeare para así comprender o que fai Miguel del Arco.
- 2.4. Reflexionar cos alumnos sobre o uso da **linguaxe irónica**, tanto na vida como na literatura.
- 2.5. Comentar o **papel da muller** na literatura. Literatura "feminina" ou "feminista". A personaxe feminina e a súa visión da historia como muller.

2.6. Actualizar o coñecemento que os alumnos teñen sobre a guerra de Troia: textos literarios, diversos filmes, etc.

2.7. Valorar a **concepción antropomórfica** dos deuses na literatura grega: os deuses entre eles, deuses e humanos...

2.8. Entender o "fenómeno" da transformación ou **metamorfose** a que se alude na obra: Zeus muda en cisne, por exemplo. Reflexionar sobre o rendemento que vai ter este recurso nas literaturas posteriores: Ovidio primeiramente, Kafka no século XX, etc.

2.9. Para comprender a **desmitificación** que se opera na obra, comentar o tratamento deste tipo que se dá en filmes como por exemplo *A vida de Brian*.

3. ACTIVIDADES POSTERIORES Á REPRESENTACIÓN

(A súa aplicación didáctica será en maior ou menor grao, segundo sexa un alumnado de ESO ou de BACHARELATO)

3.1. Cada alumno pode facer, ao seu modo, un **resumo** da obra, tras a posta en escena. Despois deste traballo individual faise unha **posta en común** dos respectivos relatos e interpretacións.

3.2. Comentario do tratamento que se lle dá á figura de Helena desde o seu **significado simbólico** inicial até a **voz crítica** e persoal que se expón ao longo de toda a obra.

3.3. Valoración das **preguntas** (retóricas e non retóricas) que constitúen boa parte do monólogo:

- "Quen escribe a historia?"
- " De verdade alguén no seu san xuízo pode pensar que eu tomei a decisión?"
- "Nacín dun ovo... azul, para máis sinais... Parcévos incríbel?"
- "Quen podería crer que todo aquel alarde era realmente por min?"

Interpretar estas interrogacións en dous sentidos:

a) Como expresión **propia do teatro**, baseado máis nas preguntas que nas respostas.

b) Como **recursos literarios** de estilo: apóstrofe, ton confidencial, función apelativa da linguaxe, etc.

3.4. Inserir a voz narrativa, emotiva e reflexiva de Helena no **discurso literario da muller**, na literatura "feminina" e/ou "feminista". Provocar un coloquio sobre o papel da muller na literatura contemporánea:

a) Referencia ás **mulleres escritoras** nas literaturas galega e universal:

- Rosalía de Castro, María Xosé Queizán, Yolanda Castaño, Olga Novo...
- Mary Shelley, George Sand, Virginia Woolf, Simone de Beauvoir...

b) Referencia aos textos literarios en que se expón a **situación conflitiva da muller**:

- na literatura galega: *Follas novas*, de Rosalía de Castro...
- na literatura universal: *Casa de bonecas*, de Ibsen...

3.5. Dentro da diversidade temática que a obra reflicte, comentar o monólogo de Helena como **crítica irónica da realidade actual**: a cobiza humana, as guerras, a falsidade, o abuso de poder...

3.6. Comentar a **importancia da linguaxe**.

a) Lembrar pasaxes en que se emprega unha **lingua poética** e reflexiva:

- "Quero esvaerme no ar. Disiparme coma brétema sobre o río co abreinte".
- "Quero descansar. Quero o silencio. Quero deixar de ser".

b) A presenza de **Shakespeare**, mediante unha cita literal:

"Palabras, palabras, palabras" (*Words, words, words*, en *Hamlet*)

ou mediante o uso dunha linguaxe que semella o monólogo shakespeariano:

"Canto máis honorábel é esnaquizar o inimigo tan pegado a el que sexas quen de lle ulir o último alento! Mellor ca darlle coas frechas desde lonxe sen escoitarlle nin un laio de dor".

c) Outras citas e referencias literarias:

- Referencia de Helena á poeta **Safo de Lesbos**:

"Se o belo, como dixo Safo, é o que unha ama, eu nunca fun bela porque nunca fun amada".

- Referencia ao romántico **John Keats**, sen nomealo:

"se a verdade é beleza e a beleza é verdade... todo foi mentira e fealdade".

- Unha cita explícita e ben coñecida de **Quevedo**:

"...nada poderá evitar que eu volva ser po no camiño. *Pero polvo enamorado*".

3.7. Salientar algunhas **figuras literarias** e procedementos de estilo.

a) As **anáforas** e as reiteracións contribúen á *catarse*, tan propia do teatro grego:

"*Demasiado foi o sangue, e a ferocidade, e o odio. Salaios e dor por todas partes (...) ardían os amieiros, os salgueiros, os tamarindos; ardía o loto e o xunco e o cípero; ardían os cadáveres e as almas e os homes...*"

b) A riqueza dos **adxectivos**, e mesmo do **epíteto épico**:

"Hera, a dos ollos de roxela".

c) Valorar o interese das **comparacións**: por exemplo, cando Menelao mata Deífobo, Helena identifícase coa súa cabeza, porque a súa cara

"conservaba o mesmo aceno engurrado co que culminaba as agresións sexuais ás que me someteu os poucos días nos que estivemos casados. Ao vela só puiden pensar no que me imitaba eu mesma a esta cabeza á que separaran salvaxemente do corazón que marcaba o ritmo das súas tempas".

3.8. Interpretar a **última escena**, coa última confidencia de Helena ao público e a Zeus (o pai):

"Tanto me ten o voso xuízo. Tanto me teu o teu, pai".
